

ACLARACIÓNS SOBRE AS TAREFAS DE TITORIZACIÓN, AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO TRABALLO DE FIN DE GRAO E DO TRABALLO DE FIN DE MÁSTER

O regulamento para a realización do Traballo de Fin de Grao aprobado polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo o 14 de novembro de 2011 establece no seu artigo 2.6 o seguinte:

“As tarefas de titorización, avaliación e cualificación do traballo de fin de grao, ás que se refiren os artigos 6 a 8 deste regulamento, forman parte das obrigas docentes do profesorado. A Universidade de Vigo establecerá a forma do seu recoñecemento”.

Atendendo a este texto, os docentes a tempo completo deberán, cando o seu centro de adscrición llo requira, ofertar e titorizar o número de traballos necesario para cubrir a demanda do estudantado matriculado. A estes efectos o centro de adscrición é aquel no que as ou os profesores teñen docencia maioritaria.

Se o consideran necesario, as direccións dos centros poderán establecer o número mínimo de traballos que cada profesor ou profesora a tempo completo adscrito ao centro debe titorizar, repartindo de xeito equitativo estas tarefas.

En todo caso, todo o persoal docente e investigador poderá titorizar Traballos de Fin de Grao no centro ou centros nos que imparte docencia.

Como indica o artigo 2.6 do regulamento son tamén obrigas do profesorado a avaliación e cualificación do Traballo de Fin de Grao. Os centros establecerán o procedemento para o reparto do profesorado en tribunais de avaliación e cualificación.

No caso de títulos de Máster, serán as comisións académicas as encargadas, se o consideran preciso, de arbitrar as medidas necesarias para repartir a titorización, avaliación e cualificación dos Traballos de Fin de Máster entre o profesorado que imparte clases nos mesmos.

Vigo, 26 de febreiro de 2015

A Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado



Ana M. Graña Rodríguez

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201500003843
26/02/15 13:49:17

Srs./Sras. Decanos/as ou Directores/as de Centros da Universidade de Vigo.